



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Pedro Antonio Fernández Fernández como director xeral de Tributos.
- Decreto polo que se dispón que cese María Dolores Casais Mira como directora xeral de Orzamentos.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Tributos a Regina Losada Trabada.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Orzamentos a Pedro Antonio Fernández Fernández.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a modificación do convenio de colaboración asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para o desenvolvemento do programa *Cidades Dixitais*, co obxecto de incluír os proxectos *Vigo Dixital* e *Lugo Dixital* que se levará a cabo a través de dous convenios específicos.

POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo de resolución do recurso de Reposición interposto por Manuel Facal Lorenzo, no seu propio nome, así como en representación da mercantil *Consmuelfa, S.L.*, contra o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de novembro de 2004, recaída no expediente mediante o cal se lles impuxo a cada un dos suxeitos indicados unha sanción de multa de 800.001 euros como responsables da comisión de selldas infraccións urbanísticas, cualificadas como moi graves, consistentes na construción de dúas vivendas unifamiliares adosadas e dúas edificacións auxiliares carecendo das preceptivas licenzas



municipais e autorización autonómica, todo isto nuns terreos sometidos ao réxime do solo rústico de protección de espazos naturais; actuacións estas levadas a cabo no lugar de Pedra do Sal, Reboredos, no termo municipal de Carballo. (A Coruña)

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en relación co convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, para a realización de seminarios e actividades de orientación aos estudantes a nivel comarcal, no curso académico 2005-2006.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a segunda addenda ao contrato-programa suscrito polo Servizo Galego de Saúde e da Sociedade Pública Autonómica Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A., pola que se amplía o importe máximo para o ano 2005, por unha contía de catrocentos trinta mil cincocentos oitenta euros con oitenta e cinco céntimos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Vigo, para a instalación de contenerización soterrada.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Cabana de Bergantiños, para a recuperación do seu vertedoiro de residuos sólidos urbanos.

I N F O R M E S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Informe da Vicepresidencia para a Comisión Mixta de Transferencias.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Orde da Consellería de Sanidade pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de puntos de atención continuada e zonas especiais de urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal.



O PROXECTO "CIDADES DIXITAIS" AMPLÍASE AOS CONCELLOS DE VIGO E LUGO

- *Grazas á ampliación do convenio entre a Administración autonómica co Ministerio de Industria aprobada hoxe polo Consello da Xunta*
- *O programa iniciouse o pasado ano nos municipios da Estrada, As Pontes de García Rodríguez e Vilalba*
- *A iniciativa, que conta cun orzamento de 2.233.405 euros, desenvolverase ata o 2007*

O programa "Cidades Dixitais" ampliará o seu campo de actuación en Galicia, acollendo desde hoxe as cidades de Vigo e Lugo. Así se recolle nun acordo polo que o Consello da Xunta autorizou a modificación do convenio existente entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento desta iniciativa. O proxecto "vilas dixitais" púxose en marcha en Galicia o pasado ano nos concellos da Estrada (Pontevedra), Vilalba (Lugo) e As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

O obxectivo é impulsar nestes municipios a implantación da sociedade da información. O desenvolvemento do programa contaba ata o momento cun orzamento de 6.199.094 euros, unha cifra que coa modificación aprobada hoxe e a aplicación en dous novos concellos (Lugo e Vigo), incrementarase en 2.233.405 euros. "Cidades Dixitais" contará así cun total de 8.432.499, orzamento que se distribuirá en diferentes actuacións ata o ano 2007.

Con este proxecto téntanse achegar as novas tecnoloxías da información e a comunicación e as súas múltiples posibilidades a toda a sociedade. A iniciativa inclúe aspectos como a administración electrónica, o comercio e o negocio electrónico, o teletraballo, a telemedicina ou a teleformación, ademais da xestión de servizos de uso público.

"Vigo Dixital" e "Lugo Dixital" levaranse a cabo a través dunha achega global de máis de dous millóns de euros, dos cales 1.535.000 euros destinaranse a Vigo e 698.405 achegaranse á cidade luguesa. Estes fondos proveñen da participación do Ministerio de Turismo, Industria e Comercio, da Xunta e dos devanditos concellos, quedando distribuído o orzamento global do seguinte xeito:



Orixes fondos	2005	2006	2007	Total
MITYC	200.000	200.000	413.405	813.405
XUNTA	470.000			470.000
CONCELLO DE LUGO	150.000	250.000	250.000	650.000
CONCELLO DE VIGO	100.000	100.000	100.000	300.000
Total	920.000	550.000	763.405	2.233.405

As actuacións principais do programa "Vigo dixital" e "Lugo dixital", que se realizarán ao amparo do convenio, son a creación dunha oficina coordinadora do proxecto, a formación, a creación dunha aula multimedia, composta por unha sala web e outra audiovisual que servirá como soporte técnico e centro de formación, teleadministración e servizos ao cidadán, marketing e promoción, que servirán para promover a interactividade co cidadán e a incorporación ao mesmo de colectivos especiais que teñan dificultade para o acceso á sociedade da información.

Tamén se inclúe a posta en marcha dun sistema de educación básica no ámbito hospitalario e domiciliario que facilite a continuidade do proceso educativo do alumnado en escolarización obrigatoria, que por prescrición facultativa non poida asistir de forma habitual ao seu centro escolar por un período superior a un mes.



A XUNTA SOLICITA TRANSFERENCIAS EN 70 MATERIAS, INCLUÍNDO NOVAS ÁREAS E A AMPLIACIÓN DOUTRAS EXISTENTES

A Xunta de Galicia considera que Galicia debe asumir a transferencia en 70 materias, algunhas delas referidas a novas áreas e outras de carácter administrativo que supoñen ampliación de competencias en aspectos xa asumidos parcialmente pola Comunidade Autónoma.

Pola súa relevancia e carácter novidoso, cómpre subliñar que se solicita o traspaso dos medios servizos e efectivos precisos para a creación da Policía Autonómica. Ademais, búscase completar o proceso de transferencia de aeroportos, asumindo Galicia a xestión dos aeroportos de interese xeral situados no seu territorio e participando na planificación e programación das infraestructuras aeroportuarias de interese xeral.

Solicítase tamén a transferencia da titularidade das autoestradas en réxime de concesión cun itinerial que transcorra integramente no territorio Galego, a xestión do dominio marítimo terrestre e as competencias en materia de seguridade náutica. Considérase preciso tamén a transferencia dos centros de investigación do Estado con sede en Galicia e da inspección de traballo.

Así mesmo, preténdese a ampliación de competencias en materia de arquivos e museos, formación contínua, xustiza, agricultura, costas, pesca, enerxía, emprego e turismo.



A XUNTA DE GALICIA SANCIONA UN PROMOTOR E UNHA CONSTRUTORA POR INFRACIÓNS URBANÍSTICAS MOI GRAVES

- ***O Consello impuxo multas de 333.334 euros a cada un deles pola construción de dúas vivendas en solo rústico catalogado como espazo natural***

O Consello da Xunta acordou hoxe a imposición de sellas sancións a un promotor e a unha empresa construtora, respectivamente, pola comisión de infraccións urbanísticas cualificadas como moi graves.

Os feitos sancionados refírense á construción de dúas vivendas unifamiliares adosadas e dúas edificacións auxiliares nuns terreos que se encontraban incluídos dentro do ámbito do espazo natural protexido da Costa da Morte (*Rede Natura 2000*), concretamente, no lugar de Pedra do Sal, no concello de Carballo. Os sancionados son o promotor Manuel Facal Lorenzo e a empresa construtora *CONSMUELFA S.L.*, aos que se lles impón sellas multas de 333.334 euros, de acordo co establecido pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

Á marxe do dito expediente sancionador, cabe salientar que se tramitou o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, que concluíu mediante resolución do 22 de xaneiro de 2004 pola que se declararon ilegalizables as obras en cuestión, por incompatibles co ordenamento urbanístico, e se ordenou a súa demolición a custa do interesado.

Así mesmo, existe unha sanción accesoria que obriga á publicación, -nun diario de maior circulación da provincia-, das sancións firmes en vía administrativa e da identidade dos sancionados.



EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO COMARCAL ORGANIZARÁN SEMINARIOS PARA ACHEGAR AS UNIVERSIDADES AOS ALUMNOS DE 53 COMARCAS GALEGAS

- *A Administración educativa financiará a iniciativa achegando máis de 120.000 euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia colaborarán na difusión do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Así o recolle o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, no que a Administración educativa investirá un total de 120.200 euros. O acordo que proximamente ratificarán ambas as dúas partes tradúcese na realización de seminarios, exposicións, foros e demais accións que acheguen as tres universidades galegas e todo o que engloban aos alumnos, profesores e orientadores residentes nas comarcas de Galicia.

Segundo recolle o convenio, a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia promoverá accións de difusión do sistema universitario galego durante o curso 2005-2006 informando sobre o acceso ao SUG; as titulacións que se poden cursar nas tres universidades galegas; os centros universitarios radicados na Comunidade; a localización dos sete campus desde unha visión comarcal e os servizos das universidades e da Consellería de Educación en canto a bolsas, cursos e residencias universitarias.

As diferentes accións de apoio ao SUG poderanse desenvolver nas entidades locais, ou noutras coas que se poida convenir, e nas comarcas que se determinen entre as seguintes: Ordes, Bergantiños, Ortegal, Terra de Melide, Arzúa, Noia, Muros, A Barbanza, A Barcala, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, Xallas, Valdeorras, Terra de Celanova, Terra de Trives, O Carballiño, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Verín, Allariz-Maceda, A Baixa Limia, A Limia, Ourense, Viana, A Terra Chá, Terra de Lemos, A Fonsagrada, A Ulloa, Os Ancares, Chantada, Lugo, A Mariña Central, Oriental e Occidental, Meira, Quiroga, Sarria, Caldas, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, Vigo, Deza, Tabeirós-Terra de Montes, O Salnés, O Baixo Miño e A Paradanta.

Compromisos

A Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal facilitará a infraestrutura necesaria para a celebración das accións e encargarse da elaboración e impresión do material gráfico que se utilice para promover estas actuacións. Ademais, contratará os conferenciantes e relatores que se encarguen de informar acerca do SUG.



A Consellería de Educación será a encargada de planificar e programar as accións de difusión. Esta programación incluírá a exposición visual e didáctica do SUG onde se detallará a composición do SUG, as formas de acceso, a localización dos campus e as titulacións existentes en cada un. Ademais, recollerá os requisitos esixidos para acceder á universidade, informando das titulacións con límite de prazas e as súas notas de corte, das saídas profesionais de cada estudo e de toda a ordenación do sistema universitario. Educación financiará estas actuacións achegando 120.200 euros, de xeito que 72.120 euros achegaraos en 2005 e 48.048, en 2006.

Segundo recolle o acordo, a presente colaboración vén constatar a importancia amosada polas dúas partes de organizar seminarios e actividades de fomento, promoción e apoio ao Sistema Universitario de Galicia e de dar a coñecer os valores propios das comarcas, salientando a súa integración dentro da realidade global de Galicia.



SANIDADE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTEMENTO DE PACs E ZONAS ESPECIAIS DE URXENCIA EN CENTROS DE SAÚDE MUNICIPAIS

O Servizo Galego de Saúde subvencionará as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o mantemento de Puntos de Atención Continuada e zonas especiais de Urxencias que funcionen en centros de saúde de titularidade municipal. A partida inicial prevista para este concepto é de 600.313 euros. Este importe poderase incrementar en función das peticións presentadas, segundo o informe presentado hoxe por María José Rubio Vidal ao Consello da Xunta sobre a Orde da Consellería de Sanidade pola que se regula a concesión destas subvencións.

Poderán ser subvencionados os gastos derivados do normal funcionamento dos Puntos de Atención Continuada ou zonas especiais de urxencias asumidos polo concello: gastos de persoal non sanitario e os gastos correntes de auga, electricidade, teléfono, calefacción, limpeza, entre outros.

Tamén poderán ser beneficiarias dunha subvención as corporacións locais que sexan titulares dun centro de saúde en que funcione un Punto de Atención Continuada ou unha zona especial de urxencias nos cales o Servizo Galego de Saúde estea prestando asistencia sanitaria.

Incremento de gasto

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén acordou autorizar a segunda addenda ao contrato programa con data do 1 de agosto de 2004 entre o Sergas e a Sociedade Pública Autónoma Instituto Galego de Medicina Técnica, pola que se amplía o seu importe máximo para o presente ano en 430.580 euros, debido ao incremento da actividade realizada durante o primeiro semestre do ano 2005 nos programas de cardioloxía intervencionista, cirurxía cardíaca, teleterapia e braquiterapia.



MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DUN MILLÓN DE EUROS EN CONTENERIZACIÓN SOTERRADA NO CONCELLO DE VIGO

- *O consello da Xunta autoriza unha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a consellería e o concello para rematar as obras en 2006*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá preto dun millón de euros en contenerización soterrada na cidade de Vigo. A actuación, que consta de tres fases estará rematada previsiblemente no ano 2006. Así se establece despois de que hoxe o Consello da Xunta autorizase a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración establecido en 2003 entre a consellería e o concello para a instalación das illetas ecolóxicas.

Das tres fases recollidas no devandito acordo, dúas xa foron licitadas, mentres que a terceira está pendente de sacarse a concurso. Por este motivo, faise preciso efectuar un reaxuste das anualidades previstas para adecuar o convenio ao ritmo actual de execución das actuacións previstas.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente destinará durante o presente exercicio 350.000 euros a esta actuación, que se completará en 2006 con outra aportación de 615.000 euros. En total, a achega deste departamento autonómico suma 966.000 euros para esta finalidade.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 274.000 EUROS Á RECUPERACIÓN DO VERTEDOIRO DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

- *O consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración suscrito entre o concello e a consellería*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá entre o presente exercicio e o de 2006 un total de 273.999 euros na recuperación do vertedoiro da Cabana de Bergantiños. A actuación está incluída dentro do Programa de Rexeneración de Espazos Degradados recollido no Plan de Xestión de Residuos de Galicia.

O consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dunha addenda ao convenio colaboración asinado entre a consellería e o concello debido á imposibilidade material de executar as obras no prazo previsto inicialmente.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente distribuirá as súas achegas económicas en dúas anualidades: a deste ano ascenderá a 44.102 euros e a de 2006 a 229.897 euros.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

DIRECTORA XERAL DE TRIBUTOS

Regina Losada Trabada

Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, ten tamén un mestrado en Administración Financeira e Tributaria.

No ano 1995 ingresou como funcionaria de carreira na Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) por oposición ao Corpo de Xestión da Facenda Pública, desempeñando o seu labor na Dependencia Provincial da AEAT de Barcelona.

En 1996, e tamén por oposición, fíxose funcionaria de carreira da Escala Superior de Finanzas da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Exerceu como inspectora tributaria na Delegación de Economía e Facenda da Coruña entre os anos 1996 e 2000. Posteriormente, pasou á Delegación de Pontevedra onde exerceu como xefa de servizo de Inspección Tributaria deica o 2004, no cal foi nomeada Subdirectora da Inspección de Servizos da Consellería de Economía e Facenda, posto que ocupou ata a actualidade.

Na súa formación conta coas especialidades de Xestión Recadatoria, Inspección, Xestión e Liquidación, Xestión Alfandegaria e Auditoría e Contabilidade. No eido da Xunta de Galicia conta con experiencia nas especialidades de Xestión, Inspección e Intervención.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS

Pedro Antonio Fernández Fernández

Naceu en Benavides de Óbrigo, en León, en 1952. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela.

Foi profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela entre 1974 e 1979. A partir deste último ano, pasou a integrar o corpo de funcionarios do Ministerio de Facenda, na especialidade de Inspección Auxiliar (subinspector de Tributos).

Así mesmo, ocupou os cargos de xefe de servizo de Réxime Xurídico na Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Economía e Facenda e Comercio (1983-1985) e de subdirector xeral de Tributos na Dirección Xeral de Tributos (1985-1991).

Foi tenente de alcalde e concelleiro delegado de Urbanismo do Concello de Santiago de Compostela (1991-1999).

Dende 1993 é funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia. E dende 1995 é funcionario da Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia, na especialidade de Xestión e Inspección, e dende 2005, na especialidade de Intervención.

No período 1999-2005 foi xefe de sección de Control e Inspección na subdirección de Caixas de Aforro.